

[Gal/Cast] CIG-Servizos convoca folga na empresa matriz de Pizza Móvil, Vidisco S.L

CIG :: 31/12/2012

CIG-Servicios convoca huelga en la empresa matriz de Pizza Móvil, Vidisco S.L.

Galego

A CIG vén de convocar folga en Vidisco S.L. empresa matriz de Pizza Móvil, para o día 1 de xaneiro, ante a proposta de rebaixa salarial do 8% en locais e do 4% en oficinas amparada na reforma laboral. Unha proposta que foi rexeitada por unanimidade nas masivas asembleas celebradas na Coruña, Ferrol e Santiago.

A CIG-Servizos denuncia que os salarios de Vidisco S.L. son xa miserentos e que, no canto dunha rebaixa o que terían que ofrecerlles sería un incremento salarial para chegar a, cando menos, os 5 euros por hora.

A empresa xustifica a súa proposta porque, segundo os datos que ela mesma proporcionou, en 2010 obtiveron uns beneficios de 235.000 euros e que en 2011 estes foron de tan só 6.000. A CIG-Servizos cuestiona estas cifras, porque implicarían unha caída dun 97%, porcentaxe que considera "surrealista". En todo caso, subliña que calquera caída dos ingresos é responsabilidade da mala xestión e, en ningún caso, das traballadoras e traballadores.

Xunto á convocatoria de folga barallan a posibilidade de realizar outro tipo de accións, como o reparto dunha folla informativa á clientela pedíndolles que exixan á empresa que non lles rebaixe o soldo; reparto tamén nos mercados e prazas; concentracións informativas diante da empresa; contactar con outras empresas da cidade para unir forzas e reparto dunha folla en man a cada cliente que pida unha pizza no seu domicilio.

Castellano

La CIG acaba de convocar huelga en Vidisco S.L. empresa matriz de Pizza Móvil, para el día 1 de enero, ante la propuesta de rebaja salarial del 8% en locales y del 4% en oficinas amparada en la reforma laboral. Una propuesta que ha sido rechazada por unanimidad en las masivas asambleas celebradas en A Coruña, Ferrol y Compostela.

La CIG-Servicios denuncia que los salarios de Vidisco S.L. son ya miserables y que, en vez de una rebaja lo que tendrían que ofrecerles sería un incremento salarial para llegar a, por lo menos, a los 5 euros hora.

La empresa justifica su propuesta porque, según los datos que ella misma ha proporcionado, en 2010 obtuvieron unos beneficios de 235.000 euros y en 2011 estos fueron de tan sólo 6.000. La CIG-Servicios cuestiona estas cifras, porque implicarían una caída de un 97%, porcentaje que considera "surrealista". En toda caso, subraya que cualquier caída de los ingresos es responsabilidad de una mala gestión y, en ningún caso, de las trabajadoras y

trabajadores.

Junto a la convocatoria de huelga barajan la posibilidad de realizar otro tipo de acciones, como el reparto de una hoja informativa a la clientela pidiéndoles que exijan a la empresa que no les reabje el sueldo; reparto también en los mercados y plazas; concentraciones informativas delante de la empresa; contactar con otras empresas de la ciudad para unir fuerzas y reparto de una hoja en mano a cada cliente que pida una pizza en su domicilio.

<https://galiza.lahaine.org/fotos-cig-servizos-convoca-folga-na-empr>